



**ACTA N.º 12/2012
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 21 DE DESEMBRO
DE 2012**

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- DECLARACIÓN CONTRA OS DESAFIUZAMENTOS EN GALICIA
- I.3.- SUPRESIÓN DA PAGA EXTRAORDINARIA DO MES DE DESEMBRO DE 2012
- I.4.- CANTIDADES PERCIBIDAS POLOS CORPORATIVOS LOCAIS
- I.5.- MODIFICACIÓN DO ESTUDIO DE DETALLE UA-3, VILAMEÁN: APROBACIÓN DEFINITIVA
- I.6.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO: APROBACIÓN DEFINITIVA
- I.7.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS E POR CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE: APROBACIÓN DEFINITIVA
- I.8.- MOCIÓN DE URXENCIA: REDUCIÓN DE ÍNDICES, MÓDULOS E PREZOS PARA OBRAS, NAS ORDENANZAS DO I.C.I.O. E DAS TAXAS POR LICENZAS URBANÍSTICAS

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

Conelleiros/as:

- PP:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.^a M.^a José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte
- D.^a M.^a Dolores Martínez Losada
- D.^a Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
 - D. Antonio Fernández Comesaña
-

Funcionario da Intervención: D. José Enrique Figueroa Costas.
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* Venres, 21 de decembro de 2012.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 13:04
- *Hora de remate:* 15:05
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 15

Incidencias:

a) Alteracións no quórum de asistencia:

- Concelleiros/as que se incorporan durante a sesión, e momento en que o fan: D.^a M.^a Dolores Martínez Losada, durante o debate do punto I.2 da orde do día; e D.^a Ana Rosa Costas Abalde, durante o debate do punto I.3 da orde do día.
- Concelleiros que abandonan a sesión: Ningún.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trattaron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- **PARTE RESOLUTIVA**

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 29 de novembro de 2012.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, intervén:



D. Antonio Fernández Comesaña do grupo mixto: Na súa intervención no punto I.6, onde di "...proceso público de adquisición de parcelas..." debería decir "...concurso público de adquisición de parcelas"; e onde di "...critica a un funcionario...", debería decir "...denuncia a un funcionario..."

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 29 de novembro de 2012 queda aprobada cos votos a favor dos 15 membros presentes da Corporación, deixándose constancia das referidas observacións.

I.2.- DECLARACIÓN CONTRA OS DESAFIUZAMENTOS EN GALICIA

A) *Ditame da Comisión Informativa:*

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 13 de decembro de 2012 accordou dictaminar favorablemente a seguinte moción do Grupo Popular:

"A crise económica que golpea a Galicia, dentro dun contexto estatal e internacional, está levando a miles de cidadáns a perder os seus empregos, e polo tanto, os medios para poder fazer fronte as súas obrigas hipotecarias contraídas durante a época de crecemento económico. En aplicación da vixente Lei Hipotecaria, as entidades financeiras están executando procesos de desafiuzamento con aquelas persoas incapaces de afrontar os seus pagos, o que na actual concxuntura só xera situacións de exclusión social e afondar na creación de novas vítimas desta crise.

As administracións locais carecen de competencias lexislativas para paralizar ou modificar calquera procedemento de desaloxo, pero non por elo son alleas a os problemas polos que atravesan os seus veciños. Os concellos son a administración más próxima aos problemas diarios da cidadanía, a administración más pegada á realidade do país, e por elo, xunto coa Fegamp, queren reivindicar o seu papel vertebrador da sociedade, o seu esforzo constante por aportar solucións efectivas incluso fora do seu estrito ámbito competencial.

Ben a través de procesos de diálogo con caixas e bancos mediante os que lograr arrendamentos sociais ou dacións en pago, ben adoptando medidas de presión para flexibilizar e/ou frear as condicións dos desafiuzamentos, os Concellos están defendendo en primeira liña os intereses de miles de cidadáns.

O Estado co fin de evitar que os debedores hipotecarios con máis dificultades económicas poidan ser desaloxados das súas vivendas prestou aprobación o Real Decreto-Lei 27/2012, do 15 de novembro, de medidas urxentes para reforzar a protección ós debedores hipotecarios. Non obstante cónsiderase preciso abordar unha reforma máis en profundidade do marco xurídico hipotecario que protexa os debedores máis vulnerables.

É por todo elo polo que o Grupo Municipal Popular propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO. Instar ó Goberno de España á modificación da Lei Hipotecaria e da Lei de Enxuizamento Civil, así como a adopción doutras medidas que incidan nos desafiuazamentos da vivenda habitual.”

B) Emenda “in voce do” Concelleiro Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto:

Engadir un segundo apartado ao acordo no sentido de que o Concello valorará a posibilidade de retirar os fondos municipais depositados en entidades bancarias que executen desafiuazamentos no termo municipal de Nigrán.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Le a proposta e xustifíca porque se trata dun problema de urgente solución. Pártese dun texto elaborado pola FEGAMP para o que pide apoio.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: O PSOE abstívose na Comisión. O PP está gobernando en diversos niveis e pode tomar medidas. É un pouco raro que se acuda a esta iniciativa, cando teñen outros mecanismos. Non lles convence esta posta en escena.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Votará a favor, pola preocupación social que xera este asunto. É un pequeno paso, que non contén medidas concretas adicionais á reforma legal. Non se fai referencia á dación en pago, que o BNG propuxo no Parlamento; cando menos para as vivendas, como ocorre noutros países.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: O problema é grave e a moción quédase corta. Propón unha emenda, para engadir que o Concello comprométese a retirar os fondos das entidades bancarias que realicen desafiuazamentos no municipio. Se se acepta a emenda votaría a favor.

Sr. Alcalde-Presidente: Hai moitas clases de mocións tipo. Aquí trátase de non calar diante dun problema transcendental, aínda que sexa forzando ao goberno a adoptar decisións. Sobre a emenda, hai que manter unha posición prudente.

D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado: Sobre a emenda, hai que ter en conta que no depósito bancario de fondos municipais ten preferencia a entidade que oferte mellores condicións. Podería valorarse se pode incluirse o criterio ao que obedece a emenda nas condicións que se lles piden ás entidades.

Sr. Fernández Comesaña: Mantén a proposta de engadir un apartado relativo as que o Concello valore a posibilidade de retirar os fondos municipais depositados nas entidades bancarias que executen desafiuazamentos no municipio.

Votación e acordo sobre a emenda do Sr. Fernández Comesaña.- Previa votación ordinaria,



adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a emenda.

Votación e acordo sobre o fondo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello, á vista da proposta da Comisión Informativa e da emenda aprobada, **ACORDA**:

Primeiro. Instar ó Goberno de España á modificación da Lei Hipotecaria e da Lei de Enxuizamento Civil, así como a adopción doutras medidas que incidan nos desafiuamentos da vivenda habitual.

Segundo. Valorar a posibilidade de que o Concello retire os fondos municipais depositados en entidades bancarias que executen desafiuamentos no termo municipal de Nigrán.

I.3.- SUPRESIÓN DA PAGA EXTRAORDINARIA DO MES DE DECEMBRO DE 2012

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 13 de decembro de 2012 acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción do Grupo Popular.

"De conformidade co establecido con respecto á supresión da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público no artigo 2 do Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade:

"Artífculo 2. Paga extraordinaria del mes de diciembre de 2012 del personal del sector público.

1. En el año 2012 el personal del sector público definido en el artículo 22. Uno de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado, verá reducida sus retribuciones en las cuantías que corresponda percibir en el mes de diciembre como consecuencia de la supresión tanto de la paga extraordinaria como de la paga adicional de complemento específico o pagas adicionales equivalentes de dicho mes.

2. Para hacer efectivo lo dispuesto en el apartado anterior, se adoptarán las siguientes medidas:

2.1. El personal funcionario no percibirá en el mes de diciembre las cantidades a que se refiere el artículo 22.Cinco.2 de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2012 en concepto de sueldo y trienios.

Tampoco se percibirá las cuantías correspondientes al resto de los conceptos retributivos que integran tanto la paga extraordinaria como la paga adicional de complemento específico o pagas adicionales equivalentes del mes de diciembre, pudiendo, en este caso, acordarse por cada Administración competente que dicha reducción se ejecute de forma prorrataeada entre las nóminas pendientes de percibir en el presente ejercicio a partir de la entrada en vigor de este Real Decreto-ley.

2.2 El personal laboral no percibirá las cantidades en concepto de gratificación extraordinaria con ocasión de las fiestas de Navidad o paga extraordinaria o equivalente del mes de diciembre del año 2012. Esta reducción comprenderá la de todos los conceptos retributivos que forman parte de dicha paga de acuerdo con los convenios colectivos que resulten de aplicación.

La aplicación directa de esta medida se realizará en la nómina del mes de diciembre de 2012, sin perjuicio de que pueda alterarse la distribución definitiva de la reducción en los ámbitos correspondientes mediante la negociación colectiva, pudiendo, en este caso, acordarse que dicha reducción se ejecute de forma prorrataeada entre las nóminas pendientes de percibir en el presente ejercicio a partir de la entrada en vigor de este Real Decreto-ley.

La reducción retributiva establecida en el apartado 1 de este artículo será también de aplicación al personal laboral de alta dirección, al personal con contrato mercantil y al no acogido a convenio colectivo que no tenga la consideración de alto cargo.

3. La reducción retributiva contenida en los apartados anteriores será de aplicación, asimismo, al personal de las fundaciones del sector público y de los consorcios participados mayoritariamente por las Administraciones que integran el sector público, así como al del Banco de España y personal directivo y resto de personal de las mutuas de accidentes de trabajo y enfermedades profesionales de la Seguridad Social y de sus entidades y centros mancomunados.

4. Las cantidades derivadas de la supresión de la paga extraordinaria y de las pagas adicionales de complemento específico o pagas adicionales equivalentes de acuerdo con lo dispuesto en este artículo se destinarán en ejercicios futuros a realizar aportaciones a planes de pensiones o contratos de seguro colectivo que incluyan la cobertura de la contingencia de jubilación, con sujeción a lo establecido en la Ley Orgánica 2/2012, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera y en los términos y con el alcance que se determine en las correspondientes Leyes de presupuestos.

5. En aquellos casos en que no se contemple expresamente en su régimen retributivo la percepción de pagas extraordinarias o se perciban más de dos al año se reducirá una catorceava parte de las retribuciones totales anuales excluidos incentivos al rendimiento. Dicha reducción se prorrataará entre las nóminas pendientes de percibir en el presente ejercicio a partir de la entrada en vigor de este Real Decreto-ley.



6. Lo dispuesto en los apartados anteriores no será de aplicación a aquellos empleados públicos cuyas retribuciones por jornada completa, excluidos incentivos al rendimiento, no alcancen en cómputo anual 1,5 veces el salario mínimo interprofesional establecido en el Real Decreto 1888/2011, de 30 de diciembre.

7. El presente artículo tiene carácter básico dictándose al amparo de lo dispuesto en los artículos 149.1.13. y 156.1 de la Constitución".

De conformidade, así mesmo, ca establecido no artigo 22. Dous da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012:

"Artículo 22. Bases y coordinación de la planificación general de la actividad económica en materia de gastos de personal al servicio del sector público.

(...)

Dos. En el año 2012, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar ningún incremento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2011, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.

(...)".

Tendo en conta que ambos artigos teñen carácter básico, de conformidade ca disposto nos artigos 149.1.13 e 156 da Constitución Española.

Tendo en conta o indicado pala Dirección General de la Función Pública da Secretaría de Estado de Administraciones Públicas con respecto á supresión da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público; así como o indicado nas notas informativas da Secretaría General de coordinación y autonomía local do Ministerio de Economía y Hacienda, do día 5 de setembro e do dia 23 de outubro de 2012.

Vistos os acordos adoptados ou a adoptar, por varias administracións públicas con respecto ao pago de diversas contías ao persoal en concepto de paga extraordinaria de decembro de 2012, de gratificacións extraordinarias ou de productividades, que (directa ou indirectamente) conlevan ou poden conllevar, o incumprimento do establecido no artigo 2 do Real Decreto-Ley 20/2012, de 13 de xullo e no artigo 22. Dous da Lei 2/2012, de 29 de xuño.

Tendo en conta que os acordos antes citados dan lugar, xunto co posible incumprimento do establecido no Real Decreto-Lei 20/2012 e na Lei 2/2012, a improcedentes tratos desiguais e agravios comparativos entre o persoal do sector público con independencia da administración pública na que preste servizos, ou do lugar de España no que teña o posto de traballo.

Este Concelleiro proponle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Instar á Administración do Estado e á Xunta de Galicia para que, ao abeiro do establecido no artigo 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e demás normativa aplicable, para que requirán motivadamente de todas as entidades locais a anulación dos actos e acordos que conlleven directa ou indirectamente o incumprimento do

establecido no artigo 2 do Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, así como o establecido no artigo 22 da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012; e, de non proceder consonte ao requerido, que impugnen en tempo e forma ante a xurisdicción contencioso-administrativa todos os actos ou acordos citados.

SEGUNDO. Instar á Administración do Estado para que proceda de modo similar nos supostos de incumprimento por algúna comunidade autónoma do establecido no artigo 2 do Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, así como no artigo 22 da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

TERCEIRO. Instar á Administración do Estado que no defecto de non exisir o cumplimento do establecido nos puntos primeiro e segundo, e coa finalidade de non crear desigualdades entre o persoal do sector público das distintas administracións, que se permita facer efectivo o pago da gratificación extraordinaria do mes de decembro de 2012 a todas as administracións e entre elas ó Concello de Nigrán."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos, Concelleiro delegado: Le a parte dispositiva da proposta e indica que se busca a igualdade retributiva, e de dereitos dos afectados. Hai que cumplir a norma e non buscar subterfuxios discriminatorios sen amparo legal. Non debemos fomentar a insubmisión, senón acudir aos mecanismos defensivos legais fronte ás normas que se consideran inxustas. O trato igualitario para todos é fundamental.


D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: É difícil de entender esta iniciativa. En esencia, o que se pide que se impugnen os acordos das entidades públicas que paguen a extra de Nadal. Non se sostén no fondo. O que pretenden é quedar ben cos funcionarios. E, no caso de que non se impugne, que se lle permita ao Concello incumprir a norma.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Parécelle case insultante esta proposta. Estase gobernando a base de ocorrencias e iso xera moitos problemas. Os Decretos-Leis furtan o debate parlamentario. Neste contexto a moción busca acusar a outras administracións para que sexan levadas ao Xulgado. E en caso contrario, que se permita cobrar o que chaman "gratificación extraordinaria", cando do que se trata é dunha retribución incautada.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Parece un panfleto, que ven a enfrentarse a unha disposición estatal. A lei é para cumplirla. Cada administración é responsable dos seus actos. O que se propón é esperpéntico. Desacredita a quen a fai a proposta.

Sr. García Pazos: Non se pode fomentar que cada un faga o que queira, nin tampouco as discriminacións.

Sr. González Pérez: Nos grupos da oposición, a moción suscita impresións análogas. Todos están perplexos. O PP terá algunha responsabilidade en que cada un campe á súa vontade.



Sr. Rodríguez Fernández: Contra a indecencia do saqueo, algúns tratan de buscar saídas. O BNG proponse facer o posible para defender aos empregados públicos fronte a esta inxustiza. Iso é o que pretende a súa formación.

Sr. Fernández Comesaña: Propón a retirada da iniciativa. Os funcionarios non son os responsables da situación. Polo menos, o aforro debería empregarse en reducir a débeda municipal.

Sr. García Pazos: Non se están aplicando as mesmas regras para os afectados. A moción o que trataba era de buscar unha solución xusta. Non ten inconveniente en que se retire a proposta, se non se entendeu ben.

Sr. Fernández Comesaña: O Concello ten que limitarse ás súas competencias e o sensato é retirar a proposta.

Sr. Alcalde-Presidente: O propoñente ten a posibilidade de desistir, pero é razoable que se propoña que se cumpra a lei e que non haxa discriminación. O saqueo nas retribucións xa se produciu no goberno do PSOE, co apoio do BNG.

Acordo.- Coa conformidade unánime dos membros da Corporación, retírase a proposta.

I.4.- CANTIDADES PERCIBIDAS POLOS CORPORATIVOS LOCAIS

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 13 de decembro de 2012, previa declaración de urxencia, acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción do Grupo Popular.

"No Pleno de Xullo de 2012 acordouse unha reducción do 7,1% das cantidades percibidas polos corporativos locais por asistencia a comisións informativas e plenos; así como das cuantías abonadas aos grupos municipais para os seus gastos de funcionamento. Estas cuantías minoradas ao 7,1% deberán compensar a pérdida dunha paga extra anual dos Empleados Públicos.

No pleno mencionado indicábase como data de finalización desta minoración o 31/12/2012.

O Real Decreto que suprimiu a paga extra de Nada! aos empleados públicos indica que se recuperaría a través de planes de pensións ou fórmulas monetarias equivalentes no momento que a conjuntura económica de España así o permita.

Visto o anterior, este Concelleiro, actuando como portavoz do Grupo Municipal Popular propón ao Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

1-Acordar como data de finalización de disminución do 7,1% das indemnizaciones por asistencia a comisiones informativas e plenos o 31.07.2013.

2- Acordar como data de reducción do 7,1% da compensación económica para gastos de grupos municipais o 31.07.2013.

3- Delegar no Alcalde-Presidente para que no momento que se lle compense ao persoal empleado público a paga extraordinaria suprimida, se compense as cuantías deixadas de percibir voluntariamente por acordo Plenario de concelleiros con dedicación, indemnizacións por asistencia a Plenos e comisións, aportacións aos grupos políticos municipais e persoal eventual de secretaría de alcaldía e tenencia de alcaldía.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado: Entende que é unha proposta razonable, tendo en conta as circunstancias comparativas cos empregados públicos.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Non está de acordo coa proposta, porque, como xa dixo no seu día, mesturaron conceptos como as asignacións dos grupos, que non teñen nada que ver con isto, porque son gastos de funcionamento que non deberon afectarse.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Recorda a súa proposta sobre este asunto. Ademais, nos cargos con dedicacións exclusivas deberían adiantarse á nova regulación que prepara o Estado. Vaise abster, e pide que as dedicacións se reconsideren no orzamento.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.
- Votos en contra: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 7; PSOE e o Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.5.- MODIFICACIÓN DO ESTUDIO DE DETALLE UA-3, VILAMEÁN: APROBACIÓN DEFINITIVA

Expte.: 11/0043U.

Solicitante.: Promotora Gallega Lourido, Proavia Sintegal, AIE

Actuación.: Modificación putual do Estudio de Detalle na UA-3.

Emprazamento: Estrada pola Vía, Barrio de Vilameán, parroquia de Nigrán.

A Comisión Informativa de Urbanismo do 18 de decembro de 2012, formula ó Pleno a seguinte proposta:



Antecedentes:

1. Na sesión celebrada o 27/03/04 o Pleno do Concello de Nigrán acordou aprobar definitivamente o Estudo de Detalle da Unidade de Actuación nº 3 (UA-3) das previstas nas Normas Subsidiarias de Planeamento deste Concello.
2. Logo da aprobación definitiva do dito Estudo de Detalle, a Xunta de Compensación da UA-3 traxitou o correspondente proxecto de compensación, que foi aprobado definitivamente por decreto da alcaldía de 6/11/07.
3. En data 5/07/10 as mercantís Proavia Simtegal AIE e mais Promotora Gallega Lourido S.L. presentaron un proxecto de modificación puntual do Estudo de Detalle antes mencionado. Porén, en data 6/10/10 solicitarian a retirada do dito proxecto, motivo polo cal a alcaldía acordou mediante decreto de 29/11/10 o arquivo do expediente de referencia (expte. 10/0514U).
4. En data 19/01/11 presentouse un novo proxecto de modificación puntual do citado Estudo de Detalle.

Ao respecto emitiuse informe polo arquitecto municipal en data 22/02/11, no que se valoraban os obxectivos do proxecto, se describían as modificacións pretendidas e se poñían de manifesto certas deficiencias a corrixir ou subsanar.

5. En data 11/04/11 achegouse novo proxecto con visado colexial do 6/04/11 co fin de substituír ao anterior, corrixir as deficiencias e completar a documentación antes presentada.

Sobre esta nova documentación emiten informes:

.- O arquitecto municipal en data 24/10/11, no que se conclúe que dende o punto de vista técnico se consideran subsanadas as deficiencias antes sinaladas, polo que non hai observacións á continuación da tramitación do expediente.

.- O Técnico de Administración Xeral en data 30 de novembro de 2011, no que realizar as seguintes apreciacións:

"A modificación da superficie total da UA-3 dos 12.858,60 m² previstos no ED aprobado o 27/02/04 aos 12.963 m² previstos na documentación achegada únicamente pode deberse a errores de medición respecto do ámbito delimitado na cartografía das NNSS. En ningún caso pode o ED ou a súa modificación alterar a delimitación da UA prevista nas NNSS. Para ello debería tramitarse unha modificación das propias NNSS.

Téñase en conta que, ao terse aprobado definitivamente o proxecto de compensación do ámbito da UA-3 en data 6/11/07, xa se produciron os efectos previstos nos arts. 158.3 e 118 da LOUGA. A eventual aprobación da modificación do ED non é susceptible de parcelar o solo do ámbito. Xa que logo, de producirse a dita aprobación deberanse realizar diversas operacións xurídicas para axustar o parcelario ás novas aliñacións.

Reitérase novamente que a modificación do ED non pode reducir ou modificar as superficies destinadas a viais, nin tampouco prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen (neste caso as NNSS). "

6. Dende a data de emisión do anterior informe tivo lugar a aprobación inicial da Modificación Puntual do Estudo de Detalle da UA-3 (Unidade de Actuación nº 3), acordada por decreto da alcaldía de 31/01/12.

7. Do dito acordo cursáronse notificacións a propietarios do ámbito e publicáronse anuncios no diario Faro de Vigo de 9/02/12, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 45 de 5/03/12 e no Diario Oficial de Galicia nº 51 do 13/03/12, sinalando a apertura da exposición ao público durante o prazo de un mes a efectos de que poda examinarse o expediente e, se é o caso, se formulen as alegacións procedentes. Segundo consta no expediente, os anteriores anuncios foron tamén expostos no taboleiro municipal.

8. Consta igualmente no expediente que o mesmo foi consultado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro, sen que conste a recepción de alegacións respecto do mesmo.

9. En data 23/03/12 tivo entrada escrito de alegacións (nº 3928) de D. María Fernández Méndez no que, logo de motivalo, solicita que se considere á dita interesada como única propietaria dunha franxa de terreo de 179,88 m² á que alude.

10. En data 5/07/12 tivo entrada informe favorable emitido en data 29/06/12 pola Axencia Galega de Infraestruturas. Indícase no dito informe que no desenvolvemento posterior a través do proxecto de urbanización deberán respectarse certos condicionamentos.

11. En data 10/06/2012 o Técnico de Administración Xeral fai unha valoración das alegacións presentadas por D. María Fernández Méndez, manifestando que se refiren a cuestións de esctricta titularidade que non proceden analizar no seo dun expediente que exclusivamente se refire ao Estudo de Detalle da unidade. A propiedade e as cuestións que dela se deriven sería, no seu caso, obxecto de análise nun momento posterior.

12. O Arquitecto Municipal en data 17/07/2012 manifesta que se ben non consta en alegación por escrito, da exposición ó público púxose de manifesto certa incoherencia entre documentación gráfica e memoria. Polo que considera que debería achegarse un exemplar único refundido, con toda a documentación coherente coa acehgada con visado colexial de data 6/4/2011, que una vez verificada, poderá se aprobada definitivamente, o non supor en absoluto un cambio sustancial ou relevante, nin sequera minimamente, respecto da documentación aprobada inicialmente exposta ó público.

13. En data 27/09/2012 rexistro de entrada n.º 12.227 presentan un exemplar refundido validado en informe do Arquitecto Municipal de data 2/10/2012. O 9/10/2012 rexistro entrada nº 12.782 presentan dous exemplares mais de dita documentación.

14. O 12/12/2012 emite informe favorable a Enxeñeira municipal.

Tendo en conta o sinalado e os demais pormenores do expediente, de conformidade co previsto nos arts. 22.2.c da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 86.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, proponse ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a modificación do Estudio de Detalle no ámbito da UA-3, Vilameán, Nigrán, recollida no documento refundido presentado o 27/09/2012, composto de memoria e 11 planos, e dous exemplares mais presentados o 9/10/2012 rexistro entrada 12.782. redactados polos Arquitectos D. Jorge González Herrero e D. José Melero Currás (Estudio de Arquitectura e Urbanismo).

SEGUNDO.- Publica-lo acordo de aprobación definitiva, notificalo na forma prevista na lexislación aplicable e darlle conta a Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio de conformidade co art. 92 da LOUGA.

A citada resolución pon fin a vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, según a distribución de competencias que se contén na Lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Alude ao trámite previo xa superado e ao feito de que se vai abster a Concelleira María José Pino por posibles incompatibilidades. Aclara que se incorporaron á proposta os recursos que se poden interpoñer.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Non se están facendo ben as cousas. Hai un aumento, do cal advírtelo o informe xurídico. Pode haber responsabilidades se non se respectan as advertencias. Pide que se valoren as consecuencias. O marco para estes enfoques é o Plan Xeral en curso, pero que lamentablemente non avanza.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Preténdese incluír un incremento de superficie da unidade, detectado ao replantearse. O Estudio de Detalle non debe contradicir ás normas subsidiarias. Votará en contra. O prudente sería modificar as normas.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Preténdese modificar un Estudio de Detalle de 2004. Estes instrumentos teñen un alcance limitado. Neste caso, parece pouco rigoroso o enfoque do documento, ademais está cheo de fallos relevantes. Mestura as cousas, como o parcelamento, que non corresponde ao Estudio de Detalle. As prazas de aparcamento non coinciden, segundo que documento se consulte. Precisamente, a solución do aparcamento en tres bolsas, non é acertado, ao seu xuízo, tendo en conta a situación do ámbito. O normal é que a sección viaria fose maior nesa zona. No proxecto de urbanización deberían valorarse direccións únicas, para favorecer os aparcamentos. Pensa que debería revisar diversos aspectos.

Sr. Alcalde-Presidente: O Estudio de Detalle está aprobado. A modificación é para unha

cuestión moi concreta. Os problemas de titularidade derívanse ao proxecto de compensación. Trátase de corrixir errores, nada máis. Os informes avalan a aprobación.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; de Concelleiros do grupo PP.
- Votos en contra: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 2 ; Sra. Pino Fernández (PP) e Sr. Fernández Comesaña (grupo Mixto).

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.6.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO: APROBACIÓN DEFINITIVA

Proposición do Sr. Concelleiro de facenda e contratación (20-12-2012):

Vista a reclamación formulada por don José Cuevas Raposo no período de exposición ao público do expediente administrativo correspondente á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo.

Considerando que na reclamación citada non se indica ningún motivo legal ou xurisprudencial que impida ou cuestione a legalidade da modificación en trámite da ordenanza fiscal citada.

Considerando que a reclamación citada fai referenciais, xenéricas ou puntuais, a diversos aspectos de conveniencia, ou de oportunidade, en relación coa "Fonda crise económica" e coa "Xustiza social", así como a inexistentes "Datos erróneos".

Considerando que a modificación en trámite da ordenanza fiscal citada axústase plenamente ao establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

De conformidade co indicado polo Interventor Xeral neste Concello nun informe do día 20 de decembro de 2012, referencia T 124/12.

Este Concelleiro proponlle ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Desestimar integralmente a reclamación formulada por don Jose Cuevas Raposo á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo.

Terceiro.- Notificar este acordo ao reclamante, indicándolle que contra o mesmo só se poderá



interpore recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, no seu caso, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución de competencias indicadas na Lei 29/1998, de 13 de xuño) na forma e prazos establecidos nas normas da citada xurisdicción; sen prexuízo de que os interesados poidan interpore calquera outro recurso que estimen legalmente procedente.

Deliberación sobre a ratificación da inclusión do asunto na Orde do Día (art. 82.3 do ROF).-

Dado que os puntos I.6 e I.7 se incluíron na orde do día por razóns dos prazos, sen ditame da Comisión Informativa correspondente, o Sr. Alcalde somete á votación conxunta a ratificación da súa inclusión.

Votación e acordo sobre a ratificación da inclusión dos asuntos I.6 e I.7 na Orde do Día (art. 82.3 do ROF): Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda ratificar a inclusión dos asuntos I.6 e I.7 na orde do día.

Deliberación sobre o fondo, conxunta para os puntos I.6 e I.7.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado: Trátase de analizar as alegacións. Os informes avalan a desestimación nestes dous puntos.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: O PSOE mantén a súa postura. Non recibiron os informes ata o día anterior ao pleno.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Manifestouse en contra na aprobación inicial. Mantén a súa postura.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Os informes chegaron tarde. E o asunto non pasou pola Comisión. Na do lixo, mantén a súa postura a favor. Na de carruaxes non comparte a modificación, da que resultará un aumento desproporcionado. É un grave erro que non van corrixir.

Votación e acordo sobre a proposición.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposición nos seus propios termos.

I.7.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS E POR CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE: APROBACIÓN DEFINITIVA

Proposición do Concelleiro de facenda e contratación (20-12-2012):

Vistas as reclamacións presentadas por don José Cuevas Raposo e por don Jorge Soto Sanromán no período de exposición ao público do expediente administrativo correspondente á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Considerando que nas reclamacións citadas non se indican motivos legais ou xurisprudenciais que impidan ou cuestionen a legalidade da modificación en trámite da ordenanza fiscal citada.

Considerando que a modificación en trámite da ordenanza fiscal citada axústase ao establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.


Visto o indicado polo Interventor Xeral neste Concello nun informe do día 20 de decembro de 2012, referencia T 125/12.

Este Concelleiro proponlle ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Desestimar integralmente as reclamacións presentadas por don Jose Cuevas Raposo e por don Jorge Soto Sanromán á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos ao través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, e por carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Terceiro.- Notificar este acordo aos reclamantes, indicándolle que contra o mesmo só se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, no seu caso, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do



Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución de competencias indicadas na Lei 29/1998, de 13 de xuño) na forma e prazos establecidos nas normas da citada xurisdicción; sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen legalmente procedente.

Deliberación sobre a ratificación da inclusión do asunto na Orde do Día (art. 82.3 do ROF).-

Como se sinala no punto anterior, dado que os puntos I.6 e I.7 se incluíron na orde do día por razóns dos prazos, sen ditame da Comisión Informativa correspondente, o Sr. Alcalde someteu á votación conxunta a ratificación da súa inclusión.

Votación e acordo sobre a ratificación da inclusión dos asuntos I.6 e I.7 na Orde do Día (art. 82.3 do ROF): Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda ratificar a inclusión dos asuntos I.6 e I.7 na orde do día.

Deliberación sobre o fondo. Consignase no punto anterior, xa que foi conxunta para os puntos I.6 e I.7.

Votación e acordo sobre a proposición.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.
- Votos en contra: 8; PSOE e grupo Mixto.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposición nos seus propios termos.

I.8.- MOCIÓN DE URXENCIA: REDUCIÓN DE ÍNDICES, MÓDULOS E PREZOS PARA OBRAS, NAS ORDENANZAS DO I.C.I.O. E DAS TAXAS POR LICENZAS URBANÍSTICAS

Formulada polo Sr. Fernández Comesaría (UCN), do grupo Mixto:

Texto:

PRIMERO.- Que el Ayuntamiento Pleno en sesión celebrada el día 30/9/2009, aprobó definitivamente la modificación de las Ordenanzas Fiscales Reguladoras del Impuesto de Construcciones, Instalaciones y Obras (ICIO) y de la Tasa para el Otorgamiento de Licencias Urbanísticas, en la que se incorpora como Anexo, un listado de Índices, módulos de construcción y precios medios para obras de nueva planta o de reforma, con los votos del PSOE y BNG, publicándose en el Boletín Oficial de la Provincia, el día 26/10/2009, que sirven de cálculo para la determinación de la base liquidable, sobre la que se aplican los diversos tipos impositivos que establecerán la cuota tributaria a pagar por los contribuyentes.

SEGUNDO.- Teniendo en cuenta que tales índices o módulos de valoración, si eran en aquel entonces completamente abusivos y desorbitados, lo son todavía más en la actualidad, teniendo en cuenta la grave recesión económica que padecemos, siendo especialmente más acusada en el sector inmobiliario y de la construcción, donde los precios de mercado, como todo el mundo sabe, han caído de forma vertiginosa, lo que convierte en irreales aquellos valores, que en buena medida, están muy por encima del costo real y efectivo de las obras de nueva construcción o de reforma.


TERCERO.- Cabe recordar, que tales módulos de valoración han supuesto un brutal incremento, en algunos casos de más de un 350%, a saber:

- m2 vivienda unifamiliar hasta 150m ²	1.183,52€
- m2 vivienda Idem de 151 a 250 m ²	1.120,08€
- m2 vivienda Idem de más 250m ²	990,84€
- m2 vivienda colectiva libre	775,42€
- m2 vivienda colectiva Prot.oficial	640,84€
- m2 nave industrial comercial	416,54€

Incremento producido en relación con las valoraciones que hasta aquel momento se realizaban por los técnicos municipales. Por tal razón nuestro grupo UCN votó en contra de la aprobación y advertimos de su gravedad, que aumentaba peligrosamente la presión fiscal sobre las familias y supondría un freno para el sector de la construcción.

CUARTO.- Desgraciadamente el tiempo nos ha dado la razón, así vemos como pocos proyectos se presentan, aumentan las reclamaciones, se triplican las valoraciones en relación con los presupuestos reflejados por los arquitectos en los proyectos, y la crisis sigue agravándose. Por lo que se ocasiona un serio perjuicio no solo a las familias, sino también a los autónomos y pequeños contratistas de obras. Citamos a modo de ejemplos módulos vigentes en el Ayuntamiento de Vigo:

- m2 vivienda unifamiliar en el rural.	360,61€
- m2 de chalet	601,01€
- m2 edificio viviendas Prot. Oficial.	300,51€
- m2 edificio viviendas promoc. libre	540,91€
- m2 de nave industrial.	108,18€



QUINTO.- El objetivo que se busca con esta propuesta de reducción, está básicamente orientada en dos objetivos: por un lado, rebajar la presión fiscal asfixiante sobre la economía de las familias, modificando unos valores que únicamente persiguen un afán recaudatorio, y por otro, intentar dinamizar y reactivar un sector fuertemente castigado por la crisis, como es la construcción, que perjudica gravemente a autónomos, pequeñas empresas, pymes etc.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno la adopción del siguiente, **ACUERDO:**

UNICO: Incoar el oportuno expediente administrativo, para que se proceda a la reducción entre un 50 y un 80% el "Listado de índices, módulos de construcción y precios medios para obras de nueva construcción y de reforma", actualmente en vigor, y que figura como anexo en las Ordenanzas Fiscales del Impuesto de Construcciones, Instalaciones y Obras, así como en la Tasa Reguladora para e otorgamiento de Licencias Urbanísticas, proponiendo su modificación y posterior aprobación por el Pleno.

Deliberacións sobre a urxencia: Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Alude á grave situación das familias. Os módulos crean casos de desigualdade. Non se debe demorar. As consecuencias serán peores se non se lle fai fronte.

Sr. Alcalde-Presidente: Non consideran que sexa urxente. Xa está en trámite a modificación que se propón. A Deputación, nun informe, incide nesas diferenzas comparativas. Traerase a Pleno esa modificación.

Sr. Fernández Comesaña: Parece que o ritmo que segue o goberno é lento. Está aberto ao dialogo.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Non concordan na urxencia.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Non lle gusta decidir precipitadamente. Modificar unha ordenanza fiscal, neste caso non pode abordarse así.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 16; PP, PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: Ningunha.

Queda, polo tanto, rexeitada a declaración de urxencia ao non obterse maioria suficiente para promovela.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de novembro de 2012 e o 30 de novembro de 2012, ambos incluídos.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:

1.1. No Pleno anterior, do mes de novembro, vostede indicou que había uns informes técnicos sobre o Plan Xeral que xa estaban emitidos e que nolos darian durante esa mesma semana ou na seguinte. Como non foi así, o 7 de decembro presentei por rexistro a petición deses informes técnicos, ao que me contestou dicindo que mos daría en breve. Non sei esa brevidade súa canto é, pero seguimos sen ter os informes. Lle pido que canto antes os teñan que nolos faciliten.

1.2. Están facendo requirimientos do padrón de habitantes, ¿son municipais ou non?. Na miña casa deixaron un papel que ten o escudo do Concello de Nigrán, pero cando lle pedín que se identificaran non o fixeron.


Sr. Alcalde-Presidente: Hai unha empresa contratada.

1.3. De todos é sabido que hai moita xente en Nigrán que ten problemas económicos, como en toda España, o Concello de Nigrán está organizando unha excursión a través de Servizos Sociais á Costa do Sol. Queremos saber que parte aporta o Concello. Pon Concejalía de Servicios Sociales, Viaje a la Costa del Sol, "perfecto galego", pero Fuengirola se escribe con "g", non con "j".

Dna. María del Carmen Alonso Macías Jorreto, concelleira delegada: Organizando non significa aportando. Nesta situación nin a miña Concellaría, nin ningunha, ten presuposto suficiente para facer este tipo de viaxes. Estase organizando a través dunha axencia de viaxes, pero desde o Concello para que participe a xente maior do Concello. Custe para o Concello cero.

2. Dna. María Dolores Martínez Losada, do grupo socialista:

2.1. Fai un momento falaban de trato igualitario. Creo que descoñecen por completo o que significa isto, cando non facilitan información nin datos necesarios que necesitamos para traballar como oposición. Non olvide que nós estamos representando a outra parte de Nigrán que non é a maioría, pero que son igual de respectábeis, e non entendo, cando vostedes foron oposición non lle puxeron tantos impedimentos para acceder a documentación.



Solicitei por rexistro o 29 de novembro de 2012 ver uns documentos. Non se me comenta nada por escrito, ata que vou a consultalo co funcionario ao que llo solicitará verbalmente antes de facelo por rexistro, e me di que como non consta a miña sinatura no escrito, que por orde do Alcalde non se me facilita ver eses documentos. Eu pregunto: ¿por qué tantos impedimentos? Isto non é cuestión de ideoloxías, é de calidade de persoa, porque áinda que falte a miña sinatura, sabes que son parte da Corporación e que son parte da cidadanía de Nigrán.

Sr. Alcalde-Presidente: Eu descoñezo cal é a túa letra e ti non viñeches a falar comigo. A min se me ven un papel sen sinatura o primeiro que digo é que se ten que vir asinado que veña asinado. Iso é o que lle dixen a todo aquel que me preguntou por este tema. ¿Viñeches a falar comigo ou asinaches o escrito?

Sra. Martínez Losada: Levo un ano aquí e sempre hai impedimentos. É certo que falta a miña sinatura, pero sabes perfectamente quen son. Antes de presentar a solicitude por rexistro, o funcionario ao que lle estaba pedindo información tiña pleno coñecemento de que a solicitude estaba feita, e ese funcionario falou contigo e che dixo que esta concelleira pedira a información, e lle dixeche que como non estaba asinado que non se lle facilitaba nada.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.